



BOP

MARTES, 29 DE MARZO DE 2022

N.º 072

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN.
SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS. XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 22 de marzo de 2022, da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se someten a información pública o proxecto de explotación e o plan de restauración presentados para a explotación de recursos da sección A) denominada "Lavapiés" núm. 10, situada no termo municipal de Mondoñedo na provincia de Lugo.

En cumprimento do disposto no artigo 21 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia e no artigo 6 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública o proxecto de explotación e o plan de restauración presentados para a explotación de recursos da sección A) denominada "Lavapiés" núm. 10, situada no termo municipal de Mondoñedo na provincia de Lugo.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o plan de restauración e documentación anexa atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Lugo, e no portal web da dita Consellería (<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>). As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao xefe territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 22 de marzo de 2022.- O xefe territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0679

CONCELLOS

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 17 de Marzo de 2022, aprobáronse os Padróns da taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas dos meses de outubro e novembro de 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 21 de marzo e o 21 de maio de 2021.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 18 de marzo de 2022.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO

R. 0680

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº: 2896/2022 do 17/03/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERRO NO DECRETO Nº: 11448/2021 DE DATA 22/12/2021 POLO QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A SETE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (UNHA INCLUÍDA NA OEP 2017, UNHA INCLUÍDA NA OEP 2018 E 5 INCLUIDAS NA OEP 2020)

Detectado erro de feito no Decreto nº: 11448/2021 de data 22/12/2021 polo que se convoca o proceso selectivo para o acceso en propiedade a sete prazas de administrativo/a pertencentes ó cadro de persoal funcionario do excmo. concello de lugo, quenda de promoción interna (unha incluída na oep 2017, unha incluída na oep 2018 e 5 incluídas na oep 2020)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, RESOLVE:

PRIMEIRO: Modificar o apartado primeiro do Decreto nº: 11448/2021 de data 22/12/2021 polo que se convoca o proceso selectivo para o acceso en propiedade a sete prazas de administrativo/a pertencentes ó cadro de persoal funcionario do excmo. concello de lugo, quenda de promoción interna (unha incluída na oep 2017, unha incluída na oep 2018 e 5 incluídas na oep 2020) quedando redactado do seguinte xeito:

“Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a sete prazas de ADMINISTRATIVO/A pertencentes ó cadro de persoal funcionario do excmo. concello de Lugo, quenda de promoción interna (unha incluída na oep 2017, UNHA INCLUÍDA NA OEP 2018 E 5 INCLUIDAS NA OEP 2020) que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018, que seguidamente se transcriben”

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 0681

MONTERROSO

Anuncio

Na Xunta de Goberno de 21/03/22, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 1 de abril e o 26 de maio de 2022.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de

finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 23 de marzo de 2022.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 0682

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

ORDENANZA FISCAL 15 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 28/01/2022 de modificación da ORDENANZA FISCAL 15 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“ORDENANZA FISCAL NÚMERO 15 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

CAPÍTULO I. FEITO IMPOÑIBLE.

Artigo 1. Natureza e feito impoñible.

É un tributo directo, cuxo feito impoñible vén determinado polo incremento de valor que experimentan os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto como consecuencia da transmisión da propiedade dos mesmos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo de dominio, sobre os referidos terreos.

Para consideralos de natureza urbana atenderase ao establecido na regulación do Imposto sobre Bens Inmóbeles, con independencia de que os ditos terreos se atopen integrados en bens inmóbeles clasificados como de características especiais ou de que estean ou non contemplados como tales no catastro ou no padrón correspondente a bens de tal natureza.

Artigo 2. Supostos de non suxeición

1. Non estarán suxeitos ao imposto:

- a) *O incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles.*
- b) *Os incrementos que se poidan poñer de manifesto como consecuencia de achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ao seu favor e en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan aos cónxuxes en pago dos seus haberes comúns. Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmóbeles entre cónxuxes ou a favor dos fillos como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal for o réxime económico matrimonial.*
- c) *Os incrementos que se manifesten con ocasión das achegas ou transmisións de bens inmóbeles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, de acordo co establecido no artigo 48 do Real decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos.*

- d) Os incrementos que se poñan de manifesto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., a entidades participadas directa ou indirectamente pola devandita Sociedade en polo menos a metade do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no momento inmediatamente anterior á transmisión, ou como consecuencia da mesma.
- e) Os incrementos que se manifesten con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, aos fondos de activos bancarios a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro. Tampouco se deveñará o imposto polas achegas ou transmisións que se produzan entre os citados fondos durante o período de mantemento da exposición do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aos Fondos, previsto no apartado 10 da devandita disposición adicional décima.
- f) Os incrementos que se poñan de manifesto con ocasión das transmisións e adxudicacións que se efectúen como consecuencia das operacións de distribución de beneficios e cargas inherentes á execución do plan urbanístico, sempre que as adxudicacións garden proporción coas achegas efectuadas polas persoas propietarias de solos na unidade de execución do plan de que se trate, nos termos previstos no apartado 7 do artigo 18 do texto refundido da Lei do Solo, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2008. Cando o valor das parcelas adxudicadas a un propietario exceda do que proporcionalmente corresponda aos terreos achegados polo mesmo, entenderase efectuada unha transmisión onerosa en canto ao exceso.
- g) Os incrementos que se manifesten con ocasión das operacións de fusión, escisión e achega de ramas de actividade ás que resulte de aplicación o réxime especial regulado no capítulo VII do título VII da Lei 27/2014, do imposto sobre sociedades, fóra dos relativos a terreos que se acheguen ao amparo do previsto no artigo 87 da citada Lei cando non se achen integrados nunha rama de actividade.
- h) Os incrementos que se poñan de manifesto con ocasión das adxudicacións ás persoas socias de inmobles de natureza urbana dos que sexa titular unha sociedade civil que opte pola súa disolución con liquidación con arranxo ao réxime especial previsto na disposición adicional 19ª da Lei 35/2006, reguladora do IRPF, en redacción dada pola Lei 26/2014.
- i) Os actos de adxudicación de bens inmobles realizados polas cooperativas de vivendas a favor dos seus socios cooperativistas.
- j) As operacións relativas aos procesos de adscrición a unha sociedade anónima deportiva de nova creación, sempre que se axusten plenamente ás normas previstas na Lei 10/1990, do 15 de outubro e Real decreto 1084/1991, do 5 de xullo.
- k) A retención ou reserva do usufruto e a extinción do citado dereito real, xa sexa por falecemento da persoa usufrutuaria ou por transcurso do prazo para o que foi constituído.

2. Así mesmo non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos ditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, para estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovle no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de achegas ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

O presente suposto de non suxeición será aplicable a instancia da persoa interesada, mediante a presentación da correspondente declaración.

CAPÍTULO II. EXENCIONES

Artigo 3. Exencions obxectivas

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

A. A constitución e transmisión de dereitos de servidume.

B. As transmisións de bens que, nas condicións establecidas no presente artigo, se atopen dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico ou foran declarados individualmente de interese cultural segundo o establecido na Lei 16/1985 de patrimonio histórico español. Para tal efecto, as persoas propietarias ou titulares de dereitos reais acreditarán ter realizado ao seu cargo e costeadas obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos ditos inmobles. En ningún caso terán a consideración de obras de conservación, mellora ou rehabilitación aquelas cuxa realización supuxera a demolición total do inmovible ou o seu baleirado interior, aínda que se conserve a fachada.

Para poder gozar desta exención o suxeito pasivo deberá acreditar os seguintes extremos:

- ✓ A declaración individual de interese cultural mediante invocación da norma de rango suficiente en que conteña a súa situación dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico mediante Real Decreto ou norma de rango superior.*
- ✓ Que a licenza municipal de obras fora expedida nos dez anos anteriores á data da transmisión, acompañando licencias ou permisos necesarios para levalas a cabo e certificado de fin de obra.*
- ✓ Que o importe satisfeito polas obras sexa superior ao 25% do valor catastral do inmovible no momento do deveción do imposto e se refira a elementos estruturais ou outros elementos común do inmovible. As persoas propietarias non poderán ser empresas cuxo obxecto social estea relacionado coa construción, rehabilitación ou adquisición de inmobles para a súa promoción e venda.*
- ✓ Que tiveran aboado o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a taxa por expedición da licenza de obras correspondente.*

C. As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaía sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que a persoa debedora ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobouse o contrario, procederase a virar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela en a que figurase empadroadado a persoa contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se dito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto do concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada.

Respecto desta exención, non resultará de aplicación o disposto no artigo 9.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 4. Exencions subxectivas

Están exentos deste imposto, así mesmo, os incrementos de valor correspondentes cando a obriga de satisfacer aquel recaía sobre as seguintes persoas ou entidades:

- O Estado e os seus Organismos Autónomos.*
- A Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo, así como os Organismos Autónomos de carácter administrativo de todas as entidades expresadas.*
- O Concello de Ribadeo e as Entidades Locais integradas no mesmo ou que formen parte del, así coma os seus respectivos Organismos Autónomos de carácter administrativo.*
- As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou de benéfico-docentes.*
- As Entidades xestoras da Seguridade Social, e as Mutualidades de Previsión social, reguladas no texto refundido da Lei de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, aprobado por Real decreto lexislativo 6/2004 de 29 de outubro.*

- Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos a estas.
- A Cruz Vermella Española.
- As persoas ou Entidades a cuxo favor se teña recoñecido a exención en tratados ou convenios internacionais.
- As entidades sen fins lucrativos e aquelas outras entidades recollidas na Lei 49/2002, de 23 de decembro, nos supostos e cos requisitos que a citada Lei e o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das mencionadas entidades aprobado por Real decreto 1270/2003, de 10 de outubro, establecen.

CAPÍTULO III. SUXEITOS PASIVOS

Artigo 5. Suxeitos Pasivos:

1. É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:
 - a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que adquira o terreo a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
 - b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que transmita o terreo, ou que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
2. Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

CAPÍTULO IV.

BASE IMPOÑIBLE

Artigo 6. Base imponible

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real de valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do deveño e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos.
2. Para determinar a base imponible, mediante o método de estimación obxectiva, multiplica-se o valor do terreo no momento do deveño polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme ás regras previstas no artigo seguinte.
3. Cando, a instancia do suxeito pasivo conforme ao procedemento establecido no apartado 2 do artigo 2, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada mediante o método de estimación obxectiva, tomarase como base imponible o importe do dito incremento de valor.
4. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto devandito incremento.

Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei se indique outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela na que se produciu o anterior deveño do imposto.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, ratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

5. Cando o terreo fose adquirido polo transmitente por cotas ou porcións en datas diferentes, consideraranse tantas bases imponibles como datas de adquisición establecéndose cada base na seguinte forma:

- A. Distribuirase o valor do terreo proporcionalmente á porción ou cota adquirida en cada data.
- B. A cada parte proporcional, aplicaráselle a porcentaxe de incremento correspondente ao período respectivo de xeración do incremento de valor.

Artigo 7. Estimación obxectiva da base imponible.

1. O valor do terreo no momento do deveño resultará do establecido nas seguintes regras:
 - i. Nas transmisións de terreos, o valor destes no momento do deveño será o que teñan determinado no dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

Non obstante, cando o dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflita modificacións de plan aprobadas con posterioridade á aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto conforme aquel. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se obtivo conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data do deveño. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais,

estes corríxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos para os efectos nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento do deveción do imposto, non teña determinado valor catastral no dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo o dito valor ao momento do deveción.

- ii. Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) anterior que represente, respecto daquel, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.
- iii. Na constitución ou transmisión do dereito para elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidas no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, na súa falta, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas para construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.
- iv. Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidos no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no parágrafo a) deste apartado fose inferior, nese caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.
- v. Nas transmisións de partes indivisas de terreos ou edificios, o seu valor será proporcional á porción ou cota transmitida.
- vi. Nas transmisións de pisos ou locais en réxime de propiedade horizontal, o seu valor será o específico do solo que cada finca ou local tiver determinado no Imposto sobre Bens Inmóbiles, e se non o tiver aínda determinado o seu valor estimarase proporcional á cota de co-propiedade que teñan atribuída no valor do inmovible e os seus elementos comúns.

2. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tomarase como valor do terreo, ou da parte deste que corresponda segundo as regras contidas no apartado anterior, o importe que resulte de aplicar aos novos valores catastrais unha redución do 50 %. A redución, no seu caso, aplicarase, como máximo, respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

A redución prevista neste apartado non será de aplicación para os supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva a que se refire sexan inferiores aos ata entón vixentes. O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ao valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

3. O coeficiente a aplicar sobre o valor do terreo no momento do deveción será, para cada período de xeración, o máximo actualizado vixente, de acordo co artigo 107.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. No caso de que as leis de orzamentos xerais do estado, ou outra norma ditada para o efecto, procedan á súa actualización, entenderanse automaticamente modificados, facultándose ao Alcalde para, mediante resolución, dar publicidade aos coeficientes que resulten aplicables.

CAPÍTULO V. TIPO DE GRAVAME, COTA TRIBUTARIA E BONIFICACIÓNS

Artigo 8. Tipo de gravame e cota tributaria:

1. *A cota íntegra deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible, ou no seu caso, bases impositivas, o tipo impositivo dun 30%.*

2. *A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, as bonificacións previstas no artigo seguinte.*

Artigo 9. Bonificacións:

Gozarán dunha bonificación do 95% da cota do imposto, a transmisión de terreos e a transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos de dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, cónxuxes e ascendentes e adoptantes cando o ben transmitido ou obxecto dos dereitos reais fose destinado a vivenda habitual da persoa finada ou local afecto á actividade económica exercida por este.

Aos efectos deste artigo equipárase ó cónxuxe a quen tivera convivido coa persoa causante con análoga relación de afectividade e acredite en tal sentido, en virtude de certificado emitido para o efecto, a súa inscrición no pertinente Rexistro de Parellas de Feito.

Con carácter xeral considerarase vivenda habitual do causante a edificación que constituía a súa residencia durante un prazo continuado de, cando menos, tres anos, nos termos establecidos no artigo 54 do Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas aprobado por Real decreto 439/2007 de 30 de marzo.

Para gozar da presente bonificación, os suxeitos pasivos deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1. Para que as persoas descendentes, adoptados, ascendentes ou adoptantes teñan dereito á bonificación, deberán probar a convivencia co causante durante os dous anos anteriores ao falecemento. A Administración Municipal considerará acreditada dita circunstancia cando os suxeitos pasivos a que se refiren ditos apartados, se atopen empadroados na vivenda habitual do causante durante o prazo sinalado, o que se comprobará de oficio pola Administración para os efectos de aplicación e mantemento da bonificación regulada neste artigo.*
- 2. As persoas descendentes e adoptadas e ascendentes e adoptantes deberán manter o inmovible recibido como vivenda habitual por un prazo de tres anos posteriores ao falecemento. Esta circunstancia será tamén comprobada de oficio segundo o sinalado no apartado anterior.*
- 3. A titularidade do ben adquirido, no suposto da vivenda habitual, debe manterse durante os cinco anos seguintes ao falecemento do causante, salvo que falecese o adquirente dentro dese prazo. Tratándose de locais afectos ao exercicio da actividade da empresa individual ou familiar ou negocio profesional da persoa falecida, será preciso que o sucesor manteña a adquisición e o exercicio da actividade económica durante os cinco anos seguintes, salvo falecemento neste prazo.*

No suposto de non cumprirse calquera dos requisitos establecidos, deberá aboarse a parte do imposto que se tivera deixara de ingresar e os xuros de demora.

CAPÍTULO VI. DEVEÑO DO IMPOSTO

Artigo 10. Deveño do imposto:

- 1. O imposto devéñase:*
 - i. Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.*
 - ii. Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a transmisión ou constitución.*
- 2. Aos efectos do disposto no apartado anterior considerarase como data da transmisión:*
 - Nos actos ou contratos entre vivos a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun Rexistro Público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.*
 - Nas subastas xudiciais, administrativas ou notariais, tomarase excepcionalmente a data do auto ou providencia aprobando o remate se no mesmo queda constancia da entrega do inmovible. En calquera outro caso, terase en conta a data do documento público.*
 - Nas expropiacións forzosas, a data da acta de ocupación naqueles supostos de urxente ocupación dos bens afectados e, o pago ou consignación do prezo xusto naqueles supostos tramitados polo procedemento xeral de expropiación.*
 - Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.*
 - No caso de adjudicación de solares que se efectúen por Entidades urbanísticas a favor de titulares de dereitos ou unidades de aproveitamento distintos dos propietarios orixinariamente aportantes dos terreos, a protocolización da acta de reparcelamento.*

Artigo 11. Regras especiais:

- 1. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que o dito acto ou contrato non lle producira efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que as persoas interesadas deban efectuar as recíprocas devolucions a que se refire o artigo 1295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producirá efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución ningunha.*
- 2. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avinza no acto de conciliación e a simple conformidade coa demanda.*
- 3. Os actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase con arreglo ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición*

fose resolutoria esixirase o imposto dende logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado 1 anterior.

CAPÍTULO VII. XESTIÓN DO IMPOSTO

SECCIÓN 1ª. OBRIGAS MATERIAIS E FORMAIS

Artigo 12. Réxime de declaración e ingreso:

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar declaración ante a Administración Municipal, nos prazos seguintes:

- a) Nas transmisións inter-vivos e na constitución de dereitos reais de goce, así como nas doazóns, dentro dos 30 días hábiles seguintes a aquel no que tivera lugar o feito imponible.*
- b) Nas transmisións mortis-causa, dentro do prazo de seis meses a contar dende a data de falecemento do causante ou, no seu caso, dentro da prórroga a que se refire o parágrafo seguinte.*

Con anterioridade ó vencemento do prazo de seis meses antes sinalado, o suxeito pasivo poderá instar a prórroga do mesmo por outro prazo de ata seis meses de duración, que se entenderá tacitamente concedido polo tempo concreto solicitado.

2. A declaración practicarase en impreso que para o efecto facilitará a Administración Municipal consignando os datos imprescindibles para a realización da oportuna liquidación, e será suscrito polo suxeito pasivo ou o seu representante legal, debendo acompañarse con ela fotocopia do DNI ou NIF, tarxeta de residencia, pasaporte ou CIF do suxeito pasivo, fotocopia do último recibo do Imposto sobre Bens Inmóbiles e copia simple do documento notarial, xudicial ou administrativo en que conste o acto, feito ou contrato que orixina a imposición. Tratándose de transmisións por causa de morte, ademais, duplicado ou fotocopia do escrito dirixido ao avogado liquidador do imposto sobre sucesións e doazóns ou xustificante acreditativo de ter practicado autoliquidación do mesmo, así como documento acreditativo do parentesco co causante.

3. Cando o suxeito pasivo considere que a transmisión da propiedade ou, no seu caso, a transmisión ou constitución de dereitos reais de goce deba declararse exenta ou non suxeita, presentará declaración ante a Administración dentro dos prazos establecidos nos apartados anteriores, segundo o caso, acompañada do documento en que conste o acto ou contrato orixinador do feito imponible e aquel en que fundamentalmente o seu dereito. Se a Administración considerara improcedente a exención alegada, practicará liquidación provisional que notificará á persoa interesada.

4. Os ingresos correspondentes a declaracións-liquidacións, así como as liquidacións derivadas das declaracións presentadas fora de prazo sen requirimento, sufrirán os recargos, e no seu caso, xuros de demora a que se refire o artigo 27 da Lei xeral tributaria.

Artigo 13. Notificacións:

As liquidacións do imposto notificaranse íntegramente ós suxeitos pasivos con indicación do prazo e lugar de ingreso, así como dos recursos procedentes.

Artigo 14. Obriga de comunicación:

1. Con independencia do disposto nos artigos precedentes, están igualmente obrigados a comunicar ao Concello a realización do feito imponible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

- a) Nos supostos contemplados na letra a) do apartado 1 do artigo 5 da presente Ordenanza, sempre que se teñan producido por negocio xurídico entre vivos, o doante ou a persoa que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate*
- b) Nos supostos contemplados na letra b) do dito apartado, o adquirente ou a persoa a cuxo favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate*

2. A comunicación conterá, como mínimo, os datos seguintes: lugar e notario/a autorizante da escritura; número de protocolo desta e data da mesma; nome e apelidos ou razón social do transmitente; DNI ou NIF desta e o seu domicilio; nome e apelidos da persoa representante, no seu caso; situación do inmovible, participación adquirida e cota de co-propiedade se se trata de finca en réxime de división horizontal.

Artigo 15. Información notarial.

Así mesmo, as notarias e notarios estarán obrigados a remitir ao Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible dentro do prazo, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles foran presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei xeral tributaria.

Na relación ou índice que remitan as notarias e notarios ó Concello, deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmóbiles cando a dita referencia se corresponda cos que sexan obxecto de transmisión.

As notarias e notarios advertirán expresamente as persoas comparecentes nos documentos que autoricen, sobre o prazo dentro do que están obrigados as persoas interesadas a presentar declaración polo imposto e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións.

SECCIÓN 2ª. INSPECCIÓN E RECADACIÓN

Artigo 16. Inspección e recadación:

A inspección, recadación e cualificación de infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, realizarase de acordo co previsto pola Lei xeral tributaria, así como nas demais leis do estado reguladoras da materia e disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

En todo caso, considerarase infracción tributaria simple:

1. a non presentación en prazo de declaración ou comunicación dos obrigados a realizalas
2. desatención dos requirimentos que realice a Administración ós suxeitos pasivos, con prazo de cumprimentación dun mes prorrogable por 15 días a solicitude do interesado, para que acheguen documentos que se estimen necesarios para levar a cabo a liquidación do imposto.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión que tivo lugar o 28 de xaneiro de 2022, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e será de aplicación a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribadeo, 24 de marzo de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0683

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XERMADE

Anuncio

APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES MUNICIPAIS A FAMILIAS POLO NACEMENTO, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO DE FILLO/A, ANO 2021-2022

BDNS(Identif.):617272

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/617272>)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade aprobou, na sesión ordinaria que tivo lugar o 23/03/2022, as bases e a convocatoria pública de subvencions municipais a familias polo nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a para o ano 2021-2022, cuxo texto íntegro se transcribe de seguido:

“BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES MUNICIPAIS A FAMILIAS POLO NACEMENTO, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO DE FILLO/A, ANO 2021-2022. EXPTE. 186/2022.

1.- DISPOSICIONES XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencions municipais do Concello de Xermade, por nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a no presente exercicio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencions son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencions.

A concesión das subvencions previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define nas Bases da 44 a 51 de Execución do Orzamento.

2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIONES

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas polo nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a.

Establécese na base de execución do orzamento 51 unha subvención de 900,00 € por neno/a nacido/a no Concello do 1 de decembro de 2021 ao 30 de novembro do ano 2022, sempre que se solicite polos proxenitores e se acredite un empadramento dun destes no Concello dende o 1 de xaneiro de 2021, debendo a crianza cumprir os seguintes requisitos:

1º. Permanecer inscrito no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.

2º. Matricularse no CEIP de Xermade en 4º de Educación Infantil ou no curso que corresponda, no caso de adopción ou acollemento.

No caso de que se incumpra algún destes requisitos, procederá o reintegro da subvención.

A dotación orzamentaria é de sete mil douscentos (7.200,00€) euros.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase á partida 231.480 do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2022.

No caso de que quedaren sen atender subvencións por nenos/as nados/as no exercicio anterior por falta de crédito orzamentario, atenderase prioritariamente ás mesmas sempre que cumpran os mesmos requisitos referidos ó exercicio anterior. Atenderase á subvención por orde de data de nacemento.

Os/As nenos/as nados en decembro de 2021 terán prioridade no outorgamento de subvencións no vindeiro exercicio.

3.-BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes Bases os proxenitores de fillos/as nados/as do 1 de decembro de 2021 ao 30 de novembro do ano 2022, sempre que conste acreditado o empadramento dun destes no Concello dende o 1 de xaneiro de 2021 (coa excepción da base anterior), debendo o nacido cumprir os seguintes requisitos:

1º. Permanecer inscrito no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.

2º. Matricularse no CEIP de Xermade en 4º de Educación Infantil ou no curso que corresponda, no caso de adopción ou acollemento.

No caso de que se incumpra algún destes requisitos, procederá o reintegro da subvención.

Asemade deberán acreditar:

Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Xermade, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.

Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Xermade, coa administración Estatal, autonómica e a Seguridade Social

Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, e concordantes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

4.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

4.1.- Prazo: As solicitudes deberán presentarse a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición das Bases no Boletín Oficial da Provincia, ata o 30 de novembro de 2022.

4.2.- Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Xermade de 9:00h a 14:00h ou calquera dos rexistros previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4.3.- Documentación que se deberá xuntar:

1. Solicitud, segundo modelos normalizados que se facilitará polo Concello, asinada polos proxenitores da crianza, ou por quen teña conferida a tutela, e acompañada de fotocopia do DNI e do libro de familia. O empadramento dos pais verificarase de oficio polo Concello.

2. Certificado de empadramento da crianza.

3. Certificación dos datos bancarios das persoas solicitantes.

4. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, autorizando expresamente ó Concello para a comprobación da situación do solicitante respecto das obrigas tributarias e coa seguridade social.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

Outorgaranse as axudas por orde de data de nacemento, adopción ou acollemento, ata esgotar o crédito previsto na partida correspondente.

No caso de incumprir os criterios de concesión das axudas, as cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

6.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

6.1.- O órgano instrutor será a traballadora social do Concello de Xermade ou o/a funcionario/ que o substitúa, en caso de ausencia.

6.2.- A Comisión de Valoración de Subvencións procederá a informar proposta de concesión de subvencións formulada pola instrutora, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración de Subvencións terá a seguinte composición:

Presidente: o alcalde ou persoa en quen delegue.

Vogais: a concelleira delegada de servizos sociais e a educadora familiar.

Secretaria: o/a secretario-interventor do Concello.

6.3. Posteriormente á proposta informada pola Comisión de Valoración de Subvencións, a proposta pasará á Intervención Municipal para súa fiscalización.

Informada a proposta pola Intervención, a Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía) concederá as subvencións mediante resolución na que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de quince días hábiles contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

O outorgamento das subvencións notificarase ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42, 43 e 44 da Lei 39/2015. A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo dun mes.

7.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Os beneficiarios das subvencións terán que averse ás seguintes obrigas:

1. O/A neno/a nacido/a, adoptado/a ou acollido/a debe permanecer inscrito/a no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.
2. O/A neno/a nacido/a, adoptado/a ou acollido/a debe matricularse no CEIP de Xermade.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, canta información lles sexa requirida.
3. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada para a mesma finalidade.

8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación, que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación no Rexistro de Entrada do Concello, como máximo o día 30 de novembro de 2022, do modelo normalizado de solicitude de pagamento que se facilitará no Concello.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo antes do 31 de decembro do 2022, sempre e cando os/as beneficiarios/as acrediten estar ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social.

9.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O incumprimento do deber de que o/a neno/a figure empadroad/a no municipio e se matricule no CEIP de Xermade dará lugar á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

10.- INFRACCIONS E SANCIONS

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como as Bases 44 a 51 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2022.”

Xermade, 25 de marzo de 2022.- Alcalde, Roberto García Pernas.

Anuncio

Convocatoria pública de subvencións municipais para colaboración do Concello de Xermade nas festas parroquiais, ano 2022.

BDNS(Identif.):617299

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/617299>)

Convocatoria pública de subvencións municipais para colaboración do Concello de Xermade nas festas parroquiais, ano 2022.

Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 23/03/2022 aprobaronse as bases da convocatoria de subvencións que de seguido se transcriben:

“BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS PARA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE XERMADE NAS FESTAS PARROQUIAIS, ANO 2022.

1.- DISPOSICIÓN XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Xermade, para a colaboración do Concello na celebración das festas parroquiais. (Ampárase no título competencial do artigo 25.2.m) da lei 7/85 de 2 de abril de bases do réxime local na redacción dada pola lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da administración local –promoción da cultura-).

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define nas Bases da 44 a 51 de Execución do Orzamento.

2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes: celebración de festas parroquiais.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase a partida 338.489 do orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2022, e quedará limitado polo crédito existente no nivel de vinculación xurídica.

O crédito orzamentario destinado a subvencionar actividades reguladas nestas bases ascende a un total de 2.200,00€ (dous mil douscentos euros).

Serán actividades subvencionables ó abeiro das presentes Bases aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2022.

Non se subvencionarán as actividades numeradas no artigo 19ª da Ordenanza reguladora do outorgamento de subvencións polo Concello de Xermade (BOP nº 45 do 24 de febreiro de 2007), ademais dos seguintes:

investimentos reais, sendo o obxecto das subvencións reguladas nestas Bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades concretas.

gastos de mantemento ordinario (teléfono, luz, auga, gas...).

os desprazamentos con fins lúdicos ou de espallamento.

actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, nin as que recibisen outro tipo de achega municipal.

cantidades satisfeitas ó Concello de Xermade polo uso das súas instalacións deportivas ou culturais.

gastos relacionados con comidas, adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo e tabaco e outros produtos considerados lesivos para a saúde.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

3.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes Bases persoas ou entidades públicas ou privadas xuridicamente constituídas así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, que teñan a súa sede social no termo municipal do Concello de Xermade e que cumpran as seguintes condicións:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Desenvolver as súas actividades no termo municipal.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Xermade, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- d) Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Xermade, coa administración Estatal, autonómica e a Seguridade Social
- e) Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, e concordantes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios que leven a cabo actividades subvencionables de mais dunha das clases recollidas na Base 2ª, poderán solicitar subvención para cada unha delas.

4.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

4.1.- Prazo: As solicitudes deberán presentarse no prazo de un (1) mes a partir do día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, podendo consultarse as bases completas na plataforma de Bases de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e na sede electrónica municipal (<https://concelloxermade.sedelectronica.es>).

4.2.- A tramitación será telemática, en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Xermade. A presentación producirá plenos efectos xurídicos sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

4.3.- Documentación que se deberá xuntar:

1. Solicitude, segundo modelos normalizados que se facilitará polo Concello, asinada polo presidente da entidade, ou por quen teña conferida a delegación, e acompañada de fotocopia do DNI.
2. Memoria explicativa de todas as actividades que se pretenden levar a cabo, indicando en cada unha delas os seguintes puntos:
 - Duración
 - Lugares
 - Equipamento necesario para a súa realización
 - Persoal que se require para levar a cabo a actividade
 - Orzamento de gastos da actividade (financiamento de fondos propios ou doutros organismos públicos ou privados)
3. Solicitude/concesión de licenza para a realización de festexos.
4. Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento de representante para as relacións co Concello.
5. Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.
6. Declaración de non ter solicitada fin concedida ningunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.
7. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, autorizando expresamente ó Concello para a comprobación da situación do solicitante respecto das obrigas tributarias e coa seguridade social.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

Segundo se prevé na base 51 das bases de execución do orzamento 2022 atenderase a subvención por orde de solicitude ata esgotar o crédito orzamentario previsto.

A contía total da subvención non superará os cen (100) euros por festa realizada.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade. Este suposto dará lugar a unha modificación da resolución de concesión.

6.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

6.1.- O órgano instrutor será o técnico local de emprego do Concello de Xermade ou o/a funcionario/ que o substitúa, en caso de ausencia.

6.2.- A Comisión de Valoración de Subvencións procederá a informar proposta de concesión de subvencións formulada polo instrutor, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración de Subvencións terá a seguinte composición:

Presidente: o alcalde ou persoa en quen delegue.

Vogais: os/as concelleiros/as delegados/as de cultura e facenda.

Secretaria: o/a secretario-interventor do Concello.

6.3. Posteriormente á proposta informada pola Comisión de Valoración de Subvencións, a proposta pasará á Intervención Municipal para súa fiscalización.

Informada a proposta pola Intervención, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante resolución na que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de catro meses contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

O outorgamento das subvencións notificarase ós interesados de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42, 43 e 44 da Lei 39/2015. A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo dun mes.

Tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións doutras Entidades públicas ou privadas en ningún caso poderá superar o custo da actividade, de ser así, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión.

7.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Os beneficiarios das subvencións terán que averse ás seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.

2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, canta información lles sexa requirida.

3. Facer constar, naquelas actividades subvencionadas, que as mesmas contan con subvención do Concello de Xermade, coa expresión "Colabora Concello de Xermade".

4. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.

5. Xustificar o gasto realizado como máximo o día 5 de decembro de 2022 de acordo co previsto nas presentes Bases.

8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación, a través da sede electrónica do Concello de Xermade, como máximo o día 5 de decembro, do modelo normalizado que se facilitará no Concello, que recollerá unha memoria das actividades desenvolvidas e unha relación de ingresos e gastos totais obtidos, ó que se unirá a seguinte documentación:

1º. Certificación do Secretario/representante da entidade, co visto e prace do presidente, no que se indiquen as subvencións concedidas á Entidade para a realización das actividades subvencionadas.

2º. Relación de gastos, acompañada de facturas orixinais ou copias compulsadas, cuxos conceptos definan claramente a actividade realizada, polo importe total da subvención concedida, achegando declaración do beneficiario de ter realizado o fin para o que foi concedida a subvención. Achegaranse tamén os xustificantes de pago (no caso de que o pago se realizase en efectivo, na factura constará o "recibín" asinado polo provedor).

- No caso de prestacións persoais de servizo, acreditación mediante nómina, factura ou calquera outro medio admitido en dereito.

- No caso de gastos de material, subministracións, etc., orixinal ou fotocopia cotexada das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativas dos gastos realizados. As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:

-Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.

-Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.

-Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar estendidos ó nome da Entidade ou, no seu caso, ó do Presidente da agrupación sen personalidade xurídica.

-Descrición, polo miúdo, do servizo prestado.

-Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de “factura”.

Unicamente serán subvencionables os que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados.

No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobro total da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades previstas na Lei de Subvencións de Galicia.

9.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

10.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como as Bases 44 a 51 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2022.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 24 de marzo de 2022.- Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0687

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO

Anuncio

Expediente número: A/27/23227

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Obras y Servicios Colsa, S. L.

Peticionario: Obras y Servicios Colsa, S. L., Rep: Ceferino Osorio López

Nombre del río o corriente: Manantial Rego das Vilas

Caudal solicitado: 0,45 l/seg.

Punto de emplazamiento: Paradanova

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada (Lugo)

Destino: Abastecimiento a vivienda y riego

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Excavación en el terreno, depósito e impulsión a depósito del que se abastecerá la vivienda y terreno a regar.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 22 de marzo de 2022.- El Responsable del Área de Concesiones, David Pérez Méndez- Castrillón.

R. 0661

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/30293

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 21 de febrero de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Monte Vecinal en Mano Común de Castromaior, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua procedente del rego da Arnela, en la parroquia de Castromaior (San Xoán), en el término municipal de Abadín (Lugo) para extinción de incendios.

Lugo, 25 de febrero de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0684

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/30957

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Lucía Peña Carreira

Nombre de la captación: Manantial

Caudal solicitado: 0,043 l/s

Punto de emplazamiento: parroquia de Santa Cruz da Retorta

Término Municipal y Provincia: Guntín (Lugo)

Destino: Usos domésticos (hostelería) en O Burgo de Negral, parroquia de O Pacio (Santa María), en Friol (Lugo)

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza mediante un caño que conduce las aguas a una arqueta circular de 1 m de profundidad de donde parte tubería hasta un primer depósito, desde el que parte la conducción a un segundo depósito y desde éste al local a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Guntín, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 23 de marzo de 2022.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0685